

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 5 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M).

No DOG núm. 32, do 14 de febreiro de 2024, publicouse a Orde do 5 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024 (códigos de procedemento TR341K, TR341E, TR341N e TR341M).

Á vista das solicitudes presentadas e atendendo ás contías, obsérvase que a dotación orzamentaria non é suficiente para atender todas as solicitudes, polo que cómpre realizar unha ampliación dos créditos consignados inicialmente.

No artigo 2.6 da Orde do 5 de febreiro de 2024, e de conformidade co estipulado no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese a posibilidade de ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles. O incremento do crédito está condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Dado o elevado volume de solicitudes e axudas concedidas e coa finalidade de facer partícipes da subvención ao maior número de persoas beneficiarias posible, faise necesaria unha ampliación de crédito.

Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se



aproba o Regulamento xeral de subvencións, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1. *Incremento de financiamento***

Incrementábase en 5.106.965,81 euros o importe total destinado á concesión das axudas da Orde do 5 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2024, coa seguinte distribución:

Ampliación de crédito				Total
Aplicación orzamentaria	Código de proxecto	Descrición	Importe	
44.04.324C.470.3	2018 00099	Medidas apoio a CEE. Empresas privadas	550.000,00 €	5.106.965,81€
44.04.324C.470.4	2018 00099	Custo salarial de persoas con discapacidade en CEE. Empresas privadas	4.426.965,81 €	
44.04.324C.481.4	2018 00099	Custo salarial de persoas con discapacidade en CEE. Entidades asociativas	130.000,00 €	

Este incremento da dotación orzamentaria aténdese con fondos finalistas do Estado e fondos propios remanentes doutras convocatorias dos mesmos programas e servizo e doutras convocatorias de programas do mesmo servizo.

Disposición derradeira. ***Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

